

PROGRAMACIÓN DE MÚSICA

NIVEL 2º CURSO DA E.S.O.

Departamento de Música IES Santa Irene

Xefa de Departamento: Fátima Bodega Pérez.

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución da área de música á adquisición das competencias clave.
3. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.
4. Táboa de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, temporalización e competencias clave do curso de 2º da eso.
5. Aprendizaxes imprescindibles.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
 - 5.1Aprendizaxes imprescindibles para as probas de setembro e a materia pendente.
 - 5.2 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 - 5.3.Aprendizaxes imprescindibles para alumnos con necesidades especiais.
6. Procedemento para a realización da avaliación inicial.
7. Criterios de cualificación:
 - 7.1.Deberes do alumno.
8. Metodoloxía Didáctica Adaptada a un ensino presencial e non presencial
9. Materiais e recursos didácticos adaptados a un ensino presencial e non presencial

10. Medidas de atención á diversidade.

11. Actividades extraescolares.

1. INTRODUCCIÓN

A materia de música na Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na Educación Primaria, situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto, cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e da europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural, será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

Por estes motivos, a educación neste ámbito na etapa secundaria obrigatoria quere ser unha canle que permita pór en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e a ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da **audición**, da **interpretación** e da **creación** propia e allea.

Cómpre ter en conta que o alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na Educación Primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles. Isto lograrao a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica que incida nos aspectos vertebradores da materia na Educación Secundaria Obrigatoria dende os diferentes bloques de contidos.

Así mesmo, esta materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento das capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado novo.

Contextualización

O **Instituto Santa Irene** é un centro educativo da cidade de Vigo. Atópase na Praza de América, lugar sobranceiro da cidade e centro do barrio das Travesas. Foi unha doazón de Policarpo Sanz á cidade olívica, e recibiu o seu nome en memoria da súa finada dona, Irene de Ceballos.

O vasto edificio de granito obra de Antonio Cominges Tapias, é unha obra senlleira da cidade, tanto arquitectonicamente coma polo seu significado estético e emotivo. O reloxo que remata o edificio foi proxectado por Manuel de Cominges, e desde hai uns anos os

vigueses festexan as súas badaladas no aninovo.

Na actualidade o instituto Santa Irene ten un equipo de arredor de 70 profesores e imparte clase a preto de 800 alumnos distribuídos en 16 grupos de ESO, ESA III, ESA IV e 16 grupos de Bacharelato en dúas quendas: diúrno e ensinanza de adultos.

O entorno sociocultural terase en conta nos recursos didácticos, xa que a situación céntrica do IES Santa Irene de Vigo favorece a participación do alumnado nas actividades extraescolares.

Por outra banda están as instalacións do Paraninfo, auditorio polivalente, desde onde se imparten charlas didácticas ou de prevención, tanto para alumnos como para os pais; realízanse concertos didácticos, contando coa colaboración do Conservatorio de música de Grao medio, do Conservatorio Superior de música de Vigo, a Escola Municipal de Música e as diferentes escolas e bandas de música da comarca e o Conservatorio de Música tradicional . Cumpre un gran papel social e educativo, de formación, de información e cultural. As actividades de teatro, con varios grupos teatrais, e música destacan ao amosar á sociedade e á comunidade educativa a variedade e posibilidades expresivas que ten o teatro e a música cun repertorio amplo que abrangue desde a música popular, folk, "clásica", pop, rock e de nova creación.

2.Contribución da área de música á adquisición das competencias clave.

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia de **conciencia e expresións culturais (CCEC)** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e

histórico os que se circunscribe cada obra.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

Colabora no desenvolvemento da competencia de **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**, mediante o traballo en equipo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a auto-estima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia.

A música contribúe tamén á **competencia social e cívica (CSC)**. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado, ademais de aprender a poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A toma de conciencia social e cívica a partir da reflexión sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto

da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da **competencia dixital (CD)**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para **aprender a aprender (CAA)**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á competencia en **comunicación lingüística (CCL)**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

A música contribúe á **competencia matemática (CMCCT)** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, alorítmica, a estocástica e a fractal.

3.Obxectivos da educación secundaria obrigatoria:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos e no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos

para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural, no contexto plurilingüe, que permite a comunicación con

outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Táboa de obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe, temporalización e competencias para o curso de 2º E.S.O.

BLOQUE 1 INTERPRETACIÓN E CREACIÓN				*2Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestres
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
n ñ m	<p>B1.1 As calidades do son e a súa relación cos elementos básicos da linguaxe musical:</p> <p>ALTURA: melodía (afinación, notación, grave-medio-agudo, intervalo, ámbito melódico, clasificación das voces segundo a altura; clasificación dos instrumentos segundo a altura);</p>	<p>B1.1 Recoñecer as calidades do son e relacionalos cos elementos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	<p>Recoñece as calidades do son e relaciónaos cos elementos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>Recoñece e discrimina o concepto de altura e interpreta con instrumentos de placas en diferentes rexistros (grave-medio-agudo).</p> <p>Recoñece e relaciona altura con afinación (por ex: a guitarra está desafinada porque, ou ben está máis grave ou ben máis aguda).</p> <p>Le e interpreta partituras sinxelas en clave de sol e en clave de fa en 4ª (bordóns ou obstinatos para os acompañamentos dos xilófonos baixos) por grao conxunto ou por salto.</p>	<p>CCEC CCL CAA</p>

	TIMBRE: timbre (voces, instrumentos, agrupacións vocais e instrumentais);		Identifica e clasifica as voces e os instrumentos tendo en conta a altura (registros, tesitura) e o seu timbre característico.	CAA CCL
	DURACIÓN: ritmo (pulso, tempo , acento, compás, figuras e silencios);		Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos en compases binarios, ternarios e cuaternarios. Sente o pulso regular e percúteo correctamente en pezas ou audicións de diferente tempo (velocidade da pulsación). Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	CMC CT CCEC CAA
	INTENSIDADE: dinámica (signos de intensidade, reguladores)		Interpreta partituras sinxelas prestando atención aos cambios de dinámica. Percibe os cambios de intensidade e transcríbese a partir da audición de fragmentos seleccionados.	CAA CCEC
n	B1.2. As grafías e outras formas de notación musical , convencionais e propias, empregadas como expresión musical.	B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras ; signos que afectan á intensidade e matices ; indicacións rítmicas e de tempo, signos de repetición...	Distingue e emprega os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama ; clave de sol e de fa en 4ª; duración das figuras; signos de intensidade e matices; indicacións rítmicas, de tempo, signos de repetición...	CCEC CMC CT
ng	B1.3 Exploración das posibilidades de diversas fontes	B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais	Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as	CCEC CSIEE

a n	sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.	construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	
	B1.4 A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e a selección de distintos tipos de organización musical.	B1.4. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros	Emprega os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións , pezas instrumentais e coreografías.	CAA CCEC
			Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros.	CSIEE
a b d	B1.5 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos /ás outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. <u>Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo</u> e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. B1.6. As características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades	B1.5. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas de interpretación, <u>aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</u>	Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas de coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CCEC
			Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSC
			Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	CCEC
			Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	CCEC

	técnicas e interpretativas, exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical.		Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas adecuadas ao nivel.	CCEC
			Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante un público.	CAA
g n d ñ	B1.7. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.	B1.7. <u>Participar activamente</u> e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, <u>asumindo diferentes roles</u> , intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa común.	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC
			Practica , interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
	B1.8. Representación dramática, actividades de expresión corporal e danza na realización de producións audiovisuais.		Mostra apertura e respecto cara as propostas do profesorado e dos compañeiros e das compañeiras.	CSC
	B1.9. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.		Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSC
			<u>Participa de maneira activa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e</u>	CSC

			<u>mostrando unha actitude aberta e respectuosa.</u>	
BLOQUE 2. ESCOITA				*2 Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestres
OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
n ñ	B.2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais	B2.1. Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.	Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, da música popular galega e os diferentes tipos de voces.	CCEC
n	B2.2.1. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición a na análise de obras musicais. B2.2.2. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica ... B2.3. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión	B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	Le e analiza partituras como apoio á audición.	CCEC CAA

	da música escoitada.			
ba	B2.4. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto aos demais durante a escoita.	B2.4. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CAA
hn	B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.	B 2.5.1. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. B 2.5.2. Identificar e describir, algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.	CCEC
			Emprega de xeito guiado diferentes recursos como apoio ao análise musical. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.	CCL

e f m	B2.6. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	B2.6. Identificar situacións do ámbito cotiá nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e proponendo solucións.	Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana e á sensibilización da sociedade, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	CSC
			Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	CSIEE CD
BLOQUE 3 CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS				*2 Temporalización: 1º, 2º e 3º trimestres.
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
m n	B3.1. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. A música ao servizo doutras linguaxes ou actividades artísticas: danza, teatro, cine, radio e publicidade.	B3.1. Analizar a función da música nos diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC
l n	B3.2. A pluralidade de estilos na música. Características culturais, artísticas e formais.	B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	Amosa interese por coñecer os distintos xéneros musicais as súas funcións expresivas, gozando deles coma oínte con capacidade selectiva.	CCEC
			Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA
l	B3.3. Utilización de diversas	B3.3. Apreciar a importancia do	Valora e respecta a importancia do	CCEC

n ñ	fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	patrimonio cultural musical español e galego e comprender o valor de conservalo e transmitilo.	patrimonio musical español e galego.	
			Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
			Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	CCEC
h e n l	B3.3. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	B3.3. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ao “falar de música”.	Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.	CCL
	B3.4. A música actual, novas tendencias, concertos en directo.	B3.4. Mostrar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os elementos creativos e innovadores dos mesmo.	Emprega diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre as novas tendencias. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CD CAA

BLOQUE 4 MÚSICA E TECNOLOXÍAS				*2 Temporalización: 1º,2º e 3º trimestres
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
e n	B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet (<u>acceso á aula virtual</u> , <u>blendspace</u>) e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música.	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como ferramentas para a actividade musical.	CD
e n	B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.		Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, métodos e tecnoloxías.	CSIEE CD
e n	B4.3. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.		Emprega con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD CAA
e n	B4.4. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o	B4.2. Empregar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para aprendizaxe e indagación do feito musical.	Emprega de xeito guiado as fontes e os procedementos axeitados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD

	coñecemento e gozo da música.			
--	-------------------------------	--	--	--

***2Temporalización:**

Na música, como linguaxe artística que é, non é posible traballar a materia tema a tema, con contidos concretos , xa que desde a primeira escoita ou desde a primeira interpretación vocal ou instrumental, estamos empregando todos os elementos da linguaxe musical e traballando varios estándares de aprendizaxe simultaneamente. Ao mesmo tempo que os alumnos escoitan unha audición, poden seguir unha partitura, valorar o silencio, respectar e aceptar outros estilos musicais e discriminar voces e instrumentos. Cada vez que interpretan unha partitura, están interiorizando o pulso, apreciando o movemento melódico, aplicando as destrezas psicomotrices que conleva a práctica instrumental, e traballan a entoación e a emisión correcta da voz.

5.Aprendizaxes imprescindibles para 2º eso:
Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

BLOQUE 1 INTERPRETACIÓN E CREACIÓN		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
B1.1 Recoñecer as calidades do son e relacionalas cos elementos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as calidades do son e relaciónaaas cos elementos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada. • Recoñece e discrimina o concepto de altura. Recoñece e relaciona altura coa afinación (por ex: a guitarra está desafinada porque, ou ben está máis grave ou ben máis aguda). • Identifica e clasifica as voces e os instrumentos tendo en conta a altura (rexistros, tesitura) e o seu timbre característico. 	CCEC CCL CAA
B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en	<ul style="list-style-type: none"> • Le e interpreta partituras sinxelas en clave de sol por grao conxunto ou por salto. • Sente o pulso regular e percúteo correctamente en 	CCEC CMCCT

<p>cuarta; duración das figuras ; signos que afectan á intensidade e matices ; indicacións rítmicas e de tempo, signos de repetición...</p>	<p>pezas ou audicións de diferente tempo (velocidade da pulsación).</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. ● Interpreta partituras sinxelas prestando atención aos cambios de dinámica. Percibe os cambios de intensidade e transcríbese a partir da audición de fragmentos seleccionados. 	
BLOQUE 1 INTERPRETACIÓN E CREACIÓN		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
<p>B1.5. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas de interpretación, <u>aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e do seu grupo. 	<p>CCEC CSC</p>
<p>B1.7. <u>Participar activamente</u> e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, <u>asumindo diferentes roles</u>, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa común.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. 	<p>CCEC</p>

BLOQUE 2. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
B2.1. Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.	<ul style="list-style-type: none"> Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, da música popular galega e os diferentes tipos de voces. 	CCEC
B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	<ul style="list-style-type: none"> Le e analiza partituras como apoio á audición. 	CCEC CAA
B2.4. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	<ul style="list-style-type: none"> Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. 	CAA
<p>B 2.5.1. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</p> <p>B 2.5.2. Identificar e describir, algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada</p>	<ul style="list-style-type: none"> Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. 	CCEC CCL
B2.6. Identificar situacións do ámbito cotiá nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo	<ul style="list-style-type: none"> Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana e á sensibilización da sociedade, mostrando unha actitude crítica ante o consumo 	CSC

solucións.	indiscriminado de música. <ul style="list-style-type: none"> ● Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. 	CSIEE CD
BLOQUE 3 CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
B3.1. Analizar a función da música nos diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	<ul style="list-style-type: none"> ● Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. 	CCEC
B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	<ul style="list-style-type: none"> ● Amonsa interese por coñecer os distintos xéneros musicais as súas funcións expresivas, gozando deles coma oínte con capacidade selectiva. ● Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. 	CCEC CAA
B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego e comprender o valor de conservalo e transmitilo. B3.3. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ao “falar de música”.	<ul style="list-style-type: none"> ● Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. ● Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. ● Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. 	CCEC CCL

<p>B3.4. Mostrar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os elementos creativo e innovadores dos mesmo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre as novas tendencias. • Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. 	<p>CD</p> <p>CAA</p>
<p>BLOQUE 4 MÚSICA E TECNOLOXÍAS</p>		
<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</p>	<p>COMPETENCIAS</p>
<p>B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como ferramentas para a actividade musical. 	<p>CD</p>
<p>B4.2.Empregar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para aprendizaxe e indagación do feito musical. Entra e participa con regularidade na aula virtual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega de xeito guiado as fontes e os procedementos axeitados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. 	<p>CD</p>

5.1.Aprendizaxes imprescindibles para as probas de recuperación e materia pendente:

- Os elementos da representación gráfica da música: (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais en clave de sol;

coñecemento do funcionamento da lectura en clave de fa en 4ª; duración das figuras e o seus silencios; signos de intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, signos de articulación).

- Interpretación de pezas vocal e instrumental, tradicionais e diferentes épocas, a partir da lectura de partituras e da memorización.
- Lectura e seguimento de partituras, axudados da audición e análise posterior da estrutura formal ou esquema compositivo de pequenas melodías atendendo aos signos de repetición.
- Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras instrumentais e vocais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
- Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica...
- Introducción á historia da música a través da audición dunha selección de audicións, destacando as características principais de cada obra, recoñecendo o autor e a época da composición. Interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Na segunda semana do curso convócase aos alumnos coa materia pendente a unha reunión na hora do recreo para organizar as tarefas e as probas de control que terán que realizar para superar a materia. Manteremos contacto directo a través da aula virtual **pendentes**,

desde onde poden acceder aos contidos e ás audicións obrigatorias e se lles informa e avisa das datas de entrega dos exercicios e das datas dos controis. Os alumnos que non entreguen as tarefas propostas polo departamento de música terán a oportunidade de presentarse a unha probas oficiais que serán publicadas na aula virtual e no taboeiro de información do centro.

5.3. Aprendizaxes imprescindibles para alumnos con necesidades especiais:

- Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.
- Os elementos da representación gráfica da música: (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais en clave de sol; duración das figuras; signos de intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo).
- Interpretación de pezas vocal e instrumental, tradicionais e diferentes épocas, a partir da lectura de partituras e da memorización.
- Audición de obras instrumentais e vocais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.

6. Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tendo en conta os estándares de aprendizaxe recollidos no punto 4 da programación, os alumnos deberán ser capaces de:

- Copiar con atención unha partitura con todo tipo de detalles específicos da notación musical, empregando correctamente as plicas e os silencios, observando os cambios de intensidade, as indicacións de metrónomo, a armadura, o tempo, o compás...

- Responder unhas preguntas a partir da visualización dunha partitura, interpretando cada signo específico da linguaxe musical coa súa función interpretativa;
- Ditado melódico sinxelo, por grao conxunto, de series melódicas de 5ª, para recoñecer e percibir o movemento melódico ascendente ou descendente e o unísono, así como a ausencia de son, co uso de silencios.
- Ditado rítmico sinxelo no que deberán escoitar e ordenar unhas series rítmicas impresas.

O resultado das probas de avaliación inicial determinarán o nivel de partida do grupo e serán tomadas como punto de orientación á hora de construír a aprendizaxe.

nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

7. Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1.1 Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 7,5 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 25% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e análise de partituras. Faranse varios exames parciais e farase a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre.

1.2. Contidos teórico-prácticos: puntuarase de 0 a 7,5 as actividades de identificación auditiva de audicións comentadas de diferentes estilos e épocas, de timbres de instrumentos, de rexistros de voces, agrupacións instrumentais e actividades de discriminación auditiva tendo en conta todos os parámetros do son, sendo logo un 25% da nota final.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 7,5 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 25% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas tendo en conta: lectura de notas, ritmo, afinación, técnica interpretativa, memoria, musicalidade, interacción co grupo.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

3. ACTITUDE e traballo: puntuarase de 0 a 2,5 .Ao ser unha materia altamente procedimental, terase en conta: a asistencia, a puntualidade, a participación activa e traballo diario, o interese e respecto pola materia, a relación cos compañeiros, o esforzo, a perseverancia, a disciplina, o trato coidadoso polo material e a participación e colaboración en eventos musicais.

Os contidos teóricos (1.1), os contidos teórico-prácticos (1.2) e os contidos prácticos (2.) teñen o mesmo peso porcentual(25% cada un) polo que se sumarán (75%) e completarán coa nota de actitude (25)%.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%

- 2º Trimestre: 30%

- 3º Trimestre: 40%

NOTA FINAL: Aplícase a avaliación continua pero é imprescindible que teñan **dous trimestres de audicións aprobados**.

Procedementos de recuperación

Recuperacións durante o curso. Ao final de cada trimestre, aqueles/as alumnos/as cuxa nota media do obtido nas diferentes probas feitas durante este período sexa inferior a cinco puntos, poderán recuperar a avaliación mediante probas parciais dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Antes da terceira avaliación, o alumnado terá oportunidade de recuperación mediante probas parciais e finais dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades poderán ser de dous tipos:

- 1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
- 2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

7.1 Deberes do alumno:

1. Asistir a clase con puntualidade.
2. Prestar atención en silencio ás explicacións dos profesores/as.
3. Participar de xeito ordenado e respectando as quendas establecidas nas actividades de clase e nos grupos de traballo.
4. Facer os exercicios e traballos solicitados pola profesora e entregar en limpo e no caderno na data fixada.
5. Participar de xeito activo na aula virtual e entregar as tarefas online requeridas en prazo.
6. Estudiar e repasar na casa os apuntamentos, anotacións, exercicios, audicións e partituras.
7. Traer e empregar con coidado todos os días o material de clase. (É imprescindible revisar o horario de clase diario e preparar a mochila o día anterior). Unha sesión sen material equivale a unha sesión perdida. Conservar as fotocopias e partituras en bo estado, sen engurras, manchas ou pintadas.
8. Asistir aos exames nas datas fixadas. **No caso de enfermidade é imprescindible avisar por teléfono ao profesorado e entregar xustificante médico para buscar de xeito excepcional unha nova data.**
9. Respecto.

8. Metodoloxía Didáctica Adaptada Á Situación de Pandemia

Principios metodolóxicos:

Os principios metodolóxicos para este 2º curso da ESO son:

1. Un método activo que toma como principio básico de aprendizaxe “o saber facer” , facilitando a fixación do aprendido no proceso ensino-aprendizaxe. A finalidade da aprendizaxe musical é aprender a tocar, aprender a cantar, aprender a escoitar ou crear música, aplicando os principios da linguaxe musical.
- 2. Fomentar a participación nas plataformas dixitais con actividades de auto-aprendizaxe.**
3. Atención personalizada. Na medida do posible, o profesorado terá en conta a dimensión individual e afectiva de cada membro do grupo, valorando os seus avances e tendo en conta as súas capacidades.
4. A creatividade. Esta, fomentárase mediante a inclusión de actividades que estimulen o pensamento, ou a composición de procesos improvisatorios, que potencien así a capacidade creativa, innata en cada alumno.
5. Aprendizaxe cooperativa. Potenciaranse as relacións do grupo entre si e o traballo en equipo, a través de actividades cooperativas que ademais de estimular a aprendizaxe, fomentan o interese e a curiosidade por aprender.
6. A interdisciplinabilidade. Aproveitaranse os numerosos puntos de contacto con outras disciplinas, dotando así a programación dun enfoque amplo.
7. A globalización. Os bloques de contido en Música mostran unha relación continua, que facilitará a existencia dunha aprendizaxe global, funcional e significativa.
8. A transversalidade. Os contidos desta programación parten de procedementos para chegar a conceptos, con gran atención á

actitude, incidindo así na educación do espírito e do intelecto. O carácter colectivo da maioría das actividades fai que a educación en valores sexa facilmente asumible.

9. O entorno sociocultural. Terase en conta os recursos didácticos que nos pode ofrecer a situación céntrica do IES Santa Irene de Vigo e, aproveitando as instalacións do Paraninfo, para realizar concertos didácticos, contando coa colaboración do Conservatorio de música de Grao medio, do Conservatorio Superior de música de Vigo, a Escola Municipal de Música e as diferentes escolas e bandas de música da comarca e o Conservatorio de Música tradicional e así, educar amosando á sociedade e á comunidade educativa a variedade e posibilidades expresivas que ten a música cun repertorio amplo que abrangue desde a música popular, folk, "clásica", pop, rock e de nova creación.

Métodos didácticos:

Método por proxectos.

Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

Aprender a aprender ou aprendizaxe por descubrimento. O alumnado debe observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionarlle directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para ser capaces de descubrir outros.

Método científico. Parte da posta en escena do problema, seguido da formulación dunha hipótese, dedución das consecuencias, proba a través dun experimento, introdución das conclusións extraídas á teoría inicial e reaxuste da hipótese.

9. Materiais e recursos didácticos:

Alumnado. O alumnado deberá contar con frauta doce de seu pero non a levará ao instituto por motivos hixiánicos, caderno pautado, caderno de clase , diario de clase no cal anotarán todo o aprendido ou traballado en cada clase. O material didáctico complementario poderán adquirilo a través da **aula virtual** e fotocopias. Os alumnos, ademais, contan con libros de texto de cursos pasados, a disposición na biblioteca da aula de música.

No curso 2021-2022, a materia de música impartirase na aula de música, polo que se poderá dispoñer de instrumentos. Seguindo o protocolo establecido pola Consellería de Educación do 1 de setembro de 2021, o uso de instrumentos de vento, así como o canto queda restrinxido a exteriores ou mantendo unha distancia de 3 m. De non ser posible cumprir co protocolo non se poderán interpretar instrumentos como a frauta dentro da aula, polo que o alumnado contará con titoriais de axuda colgados na aula virtual e terá que demostrar a súa aprendizaxe individual compartindo coa profesora vídeos coas súas interpretacións, enviadas en prazo compartidas a partir dun enlace drive.

Aula virtual: cada grupo ten acceso a material de apoio, material de repaso, acceso ás audicións, ás partituras traballadas na aula a través da aula virtual do departamento de música. Ademais, o alumnado pode pórse en contacto de xeito individualizado co profesor, enviando mensaxes, traballos, tarefas e plantexando dúbidas.

10.Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta a individualidade do alumnado sabemos que podemos atoparnos con alumnos/as con necesidades educativas específicas, tales como alumnos con altas capacidades, estranxeiros, necesidades asociadas a déficits físicos, psíquicos, sensoriais, etc.

Dependendo do tipo de necesidade estableceremos distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular, que se deseñará especificamente en coordinación co Departamento de Orientación.

Actividades de reforzo e ampliación

A través da observación dinámica da aula detectaranse os posibles problemas de aprendizaxe. De existir estes, valorarase a necesidade de plantexar actividades de reforzo ou de ampliación adaptadas ós/ás alumnos/as que o necesiten. Na aula virtual do Departamento de música inclúese material de reforzo.

11. Actividades extraescolares:

1º TRIMESTRE

- **Concerto de música instrumental no mes de decembro**

Concerto a cargo do alumnado do instituto que pretende amosar os diferentes instrumentos e as súas características técnicas e tímbricas.

LUGAR: Paraninfo

DATA: 21 ou 22 de decembro

2ºTRIMESTRE

- **Batukada: concerto de Eko-percusión**

Actividade para o alumnado de 3º da eso que consiste en aprender, empregando materiais reciclados, unhas bases rítmicas sinxelas que combinadas forman unhas polirritmias. Ao final das clases os alumnos farán unha demostración aos alumnos de 2º da eso.

LUGAR: Paraninfo

DATA:

-3º A: ás 8:30h.

-3º B: ás 9:20h.

-3º C: ás 10:30h

Demostración para os 1ºs ou 2º da eso: ás 11:50h

- **Concertos de música de cámara**

Concertos a cargo dos alumnos do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

LUGAR: Paraninfo

DATA: Sen confirmar

- **Concerto didáctico a cargo da E-Trad: Escola de instrumentos populares e folk do Concello de Vigo**

Actividade promovida pola escola de instrumentos populares e folk do Concello de Vigo para amosar a riqueza musical e instrumental da cultura galega.

(Esta actividade depende do Concello, da Concellaría de Cultura).

LUGAR: Concello de Vigo.

DATAS: sen confirmar

ALUMNADO: 2º ou 3º da eso.

3º TRIMESTRE

- **Concerto didáctico de órgano e visita a Celanova**

Mostra do funcionamento do órgano a cargo da organista **Marisol Mendive** e concerto cos alumnos. Os alumnos prepararán un par de pezas para tocar coa organista.

Excursión guiada a Celanova e a contorna con lecturas de poemas de Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luis Mendez Ferrín en lugares singulares da vila.

LUGAR: Vila de Celanova

DATAS: 21 de marzo (sen confirmar)

Alumnado: 2º,3º ou 4º, un máximo de 60 persoas.

* Sería interesante ou conveniente implicar a algún outro departamento como: o de galego ou Xeografía Historia.

- **A Música e a súa evolución** charla - concerto a cargo de Pablo Carpintero.

Este concerto didáctico pretende amosar e por en valor o noso patrimonio cultural musical, pero tamén falar da música como manifestación cultural esencial para os humanos. Así, no concerto explícanse as últimas teorías científicas sobre o que é a música e que o sentido que tivo e ten dentro da nosa evolución como especie. O discurso vai guiado pola analoxía que existe entre a evolución da nosa especie nos últimos catro millóns de anos e o desenvolvemento musical das nenas e dos nenos galegos. É pois un concerto que pertence á disciplina da biomusicoloxía.

Neste concerto tocamos con 43 instrumentos musicais diferentes, dos máis de 160 documentados en Galicia. Por outra parte, este concerto contén tamén unha fonda revisión do papel esencial que as mulleres xogan na música humana.

Vai dirixido a todo tipo de público, pois aporta información relevante sobre a nosa evolución como especie e os procesos de evolución cultural. Tamén pretende por en valor e dar continuidade a un coñecemento propio e substancial da nosa cultura.

LUGAR: Paraninfo

DATA: a confirmar (meses de maio ou xuño)

